



COÑECE E CAMIÑA

**RUTA PENEDOS DE PASARELA
A CAMELLE (A Coruña)**

DOMINGO 13 DE OUTUBRO DE 2024



PRESENTACIÓN

En Galicia a maioría das rochas son ígneas (rochas que se forman pola solidificación do magma ante unha redución de temperatura, o granito) e metamórficas (rochas que foron alteradas por procesos de presión ou temperatura, capaces de cambiar as súas propiedades físicas ou químicas, a lousa).

Os granitos son rochas ígneas, as primeiras formadas en Galicia, de idade moi antiga, xa que empezaron a formarse hai máis de 350 millóns de anos e a uns 20 km de profundidade.

Co paso do tempo os axentes erosivos, sobre todo auga e vento, foron desgastando e nalgúns lugares creando morfoloxías caprichosas que mesmo relacionamos con obxectos, persoas e animais. Este proceso repítese en numerosos lugares da nosa xeografía, nós imos visitar un deles onde a variedade e diversidade de formas propiciou que a imaxinación dos veciños puxéralles nome. Situados entre os concellos de Vimianzo e Laxe atópanse os Penedos de Pasarela, Traba e Mórdomo, obxecto da nosa andaina do “coñece e camiña” de outubro.

A RUTA

A primeira parada farémola en Vimianzo para mercar pan e almorzar, de aquí o autobús levaranos a Pasarela, onde comezaremos a camiñar por unha pista que sae do lugar de O Penedo.

O primeiro tramo é de subida ata chegar a unha chaira, Gándara dá Barca, na que atopamos os restos dunha canteira onde pretendían explotar os recursos líticos, o que supoñería un dano irreparable para a contorna. Isto provocou a mobilización popular e como consecuencia a cualificación por parte das autoridades de espazo natural protexido.

Pouco máis aló atopamos un cruzamento de camiños, o da esquerda lévanos aos Penedos dá Cachucha e Pedra dá Barca, de fronte aos Penedos dá Forcada, así chamados pola pena que lles dá nome situada a 269 metros de altitude, é un impresionante miradoiro da paisaxe que a rodea; ao sur os

vales de Vimianzo e Pasarela e ao norte, baixo os nosos pés, o areal e a lagoa de Traba; ao lonxe no oeste Muxia e cara ao leste a desembocadura do Anllóns.

Deixamos atrás os Penedos de Pasarela para dirixirnos aos de Traba, dominados pola Torre dá Moa que cunha altura de 274 metros é o cume do cordal máis visible dende o mar e igualmente un miradoiro incomparable. Situada mesmo debaixo do gran fungo petreo atópase a Cova dos Mouros, que segundo a lenda tería comunicación coa lagoa de Traba.

Seguimos a nosa camiñada e despois de atravesar a estrada que comunica Laxe con Camariñas collemos unha pista que nos conduce ás penas de Mórdomo, atalaia situada no extremo occidental do areal de Traba.

Só quedáanos o tramo final que faremos pola costa, e tamén “entre penedos”, cara ao porto de Camelle, onde ademais do autobús espéranos a ben merecida cerveciña ou o que cada un escolla para refrescar a gorxa.

Distancia: 16 km. Dificultade: media.

Desnivel subida: 435 m De Baixada: 550 m

A SAÍDA

As 8 horas, da parada de bus de Deportienda no Pavillón de Riazor, coas paradas de Juan Flórez, Alfonso Molina e Carrefour.

AS SEGUINTE RUTAS SON:

23 Outubro. Veteranos Activos. Camiño de San Rosendo (Ourense).

1 - 3 Novembro. Sendeirismo de Montaña. Montes Aquilianos—Ponferrada (León).

13 Novembro. Veteranos Activos. Pazo de Faramello-Angueira-Riotinto (A Coruña)

24 Novembro. Coñece e Camiña. Parques e bosques de Santiago de Compostela.

25—28 Novembro. Veteranos Activos. Sedeirismo e visitas culturais. Cervera de Pisuerga (Palencia).

